

[MVAG/MCPP]

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**, o día **27 de setembro de 2024, ás 10:30 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

**Mesa:**

María Encarnación Amigo Díaz

(Presidenta)

José Manuel Mato Díaz

(Vicepresidente)

Montserrat Valcárcel Armesto

(Secretaria)

**Vogais:**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**

Enrique Barreiro Sánchez

Cristina Campero Dorado

Juan Manuel Casares Gándara

Nicole Grueira Fernández

Ángel Rodríguez Conde

Cecilia Vázquez Suárez

Miguel Ángel Viso Diéguez

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**

Xosé Luís Bará Torres

Secundino Fernández Fernández

Mercedes Queixas Zas

(en substitución de Ariadna Fernández González)

Sonia Vidal Lamas

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):**

Julio Ernesto Abalde Alonso

(en substitución de Lara Méndez López)

María del Carmen Rodríguez Dacosta

**Outros asistentes:**

Carlos López Font (S)

**Comparecentes:**

Directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural – AGADER

Director xeral de Planificación e Ordenación Forestal

**Letrada:**

María Vicenta Aneiros González

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Previamente, a señora presidenta -de conformidade co establecido no artigo 73.2 do Regulamento da Cámara- comunica unha alteración no punto segundo da orde do día, no que solicitan os seguintes aprazamentos:

-Doc. 12011, do G.P. dos Socialistas de Galicia, no que se solicita o **aprazamento** da proposición non de lei que figura como 2.1 na orde do día:

- 2.1            6504 (12/PNC-000779)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen  
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que execute o orzamento destinado a dotar o Banco de Xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo co equipamento necesario para que inicie o seu labor  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49f1, do 10.07.2024*

-Doc. 11962, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, no que se solicita o **aprazamento** da proposición non de lei que figura como 2.4 na orde do día:

- 2.4            10235 (12/PNC-000964)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis  
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que adapte o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais ás características de cada comarca e realice un investimento urxente nesta materia no Condado-A Paradanta e na Louriña  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 81f2, do 11.09.2024*

A seguir, éntrase no desenvolvemento do punto primeiro da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa:

## **Punto 1. Preguntas**

- 1.1            7960 (12/POC-001420)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Vidal Lamas, Sonia e 2 máis  
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para poñer en marcha o Plan estratéxico da Limia, así como sobre e a eventual inclusión

**doutras medidas á parte das relativas á modernización do regadío e  
limpeza de canles**

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f1, do 23.08.2024*

A señora presidenta concédelle a palabra á señora Vidal Lamas (BNG), quen expón as razóns nas que se basean as cuestións concreta que se conteñen na iniciativa sobre o Plan Estratéxico da Limia.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia, a señora directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - AGADER (Consellería do Medio Rural), M<sup>a</sup> Paz Rodríguez Rivera.

Na rolda de réplica a señora Vidal Lamas (BNG), agradece a información recibida e expón diversas consideracións en base a ela.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da señora directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - AGADER (Consellería do Medio Rural), M<sup>a</sup> Paz Rodríguez Rivera, quen contesta ás consideracións formuladas.

A señora presidenta agradécelle á señora Rodríguez Rivera, a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e descúlpaa de seguir na sesión ata unha vindeira ocasión, da que se ausenta.

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

**1.2**

**8565 (12/POC-001546)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis**

**Sobre o balance das últimas medidas que está a impulsar o Goberno galego para o fomento das plantacións de castiñeiro e para a rexeneración e mellora dos soutos tradicionais**

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f2, do 23.08.2024*

A señora presidenta concédelle a palabra ao señor Mato Díaz (P), quen, logo de abandonar o seu lugar da Mesa da Comisión (artigo 82 do Regulamento da Cámara), procede á formulación da iniciativa e explica os motivos nos que se basea a cuestión concreta que nela figura sobre o balance do Goberno galego das últimas medidas que está a impulsa para o fomento das plantacións de castiñeiro e mellora dos soutos tradicionais.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o señor director xeral de Planificación e Ordenación Forestal (Consellería do Medio Rural), José Luís Chan Rodríguez (No decurso da súa intervención incorpórase á sesión a señora deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia, María del Carmen Rodríguez Dacosta).

Na rolda de réplica o señor Mato Díaz (P), agradece a información recibida, que comenta brevemente con novas consideracións ao respecto, ás que lle contesta nunha nova intervención o señor director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, José Luís Chan Rodríguez e con cuxa intervención se pecha o debate desta iniciativa.

A señora presidenta agradécelle ao señor Chan Rodríguez a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión e descúlpao de seguir na sesión ata unha vindeira ocasión, da que se ausente.

A continuación, éntrase no desenvolvemento do punto segundo da orde do día e pásase ao debate da segunda iniciativa:

## **Punto 2.   Proposicións non de lei**

### **2.2           9970 (12/PNC-000945)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

**Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que modifique o sistema de quendas do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais e garanta o traballo con brigadas completas**

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 78f1, do 06.09.2024*

A señora presidenta, previamente, comunica que a esta proposición non de lei se presentou unha autoemenda de modificación, polo grupo proponente, doc. 11813, e unha emenda de substitución, polo G.P. Popular de Galicia, doc. 12006, e deseguido concédelle a palabra á señora Rodríguez Dacosta (S), quen, logo de desculpar a ausencia nesta sesión da súa compañeira, Lara Méndez López, procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso que insta ao Goberno galego a que se modifique o sistema de quendas do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais e garantir o traballo con brigadas completas, á vez que amosa os motivos da súa autoemenda de modificación.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o señor Rodríguez Conde (P), quen, logo de deixar constancia das súas argumentacións ao respecto, explica os motivos que levaron ao seu grupo á presentación dunha emenda de substitución que espera sexa aceptada polo grupo proponente.

Na rolda dos grupo parlamentario non emendante intervén a señora Valcárcel Armesto (BNG), quen, previo abandono do seu lugar da Mesa da Comisión (artigo 82 do Regulamento da Cámara), deixa constancia das súas argumentacións verbo da proposta formulada co pronunciamento favorable do seu grupo.

Na rolda de puntualizacións a señora Rodríguez Dacosta (S), agradece o apoio amosado polo G.P. do BNG, á vez que comenta as argumentacións expostas polo voceiro do grupo maioritario e non acepta a súa emenda de substitución.

Deseguido, pásase ao debate da terceira iniciativa:

**2.3 10147 (12/PNC-000955)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis**

**Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que aplique medidas de protección do sector porcino de Galicia ante o actual contexto do mercado internacional deste produto**

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 81f2, do 11.09.2024*

A señora presidenta concédelle a palabra ao señor Barreiro Sánchez (P), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso que insta o Goberno galego a demandar do Goberno do estado co obxecto de que aplique medidas de protección do sector porcino de Galicia.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento fan uso da palabra as señoras: Rodríguez Dacosta (S) e Vidal Lamas (BNG); ambas intervenientes deixan constancia das súas argumentacións co pronunciamento favorable da voceira do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, mentres que a voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia anuncia a súa abstención de voto.

Na rolda de puntualizacións o señor Barreiro Sánchez (P) comenta as argumentacións expostas polas anteriores intervenientes sobre as que expón diversas consideracións, á vez que se reitera na defensa da súa proposta.

Ao esgotarse o debate das iniciativas, a señora presidenta dá paso ao trámite das votacións das proposicións non de lei, pola súa orde e cos resultados que se reflicten a seguir:

**1) Iniciativa, doc. 9970 (12/PNC-000945), do G.P. dos Socialistas de Galicia; sométese a votación o texto resolutivo proposto na automenda, doc. 11813, que resulta rexeitado por:**

. votos a favor .....	7 (GGPP. S+BNG)
. votos en contra .....	9(G.P. P)
. abstencións .....	0

2) Iniciativa, **doc. 10147 (12/PNC-000955), do G.P. Popular de Galicia**; sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións por:

. votos a favor .....	14 (GGPP. BNG+P)
. votos en contra .....	0(G.P. P)
. abstencións .....	2(G.P. S)

O texto aprobado é o seguinte:

*«O Parlamento de Galicia solicita á Xunta de Galicia que inste o Goberno de España a protexer os intereses do sector porcino de Galicia de cara a minimizar os potenciais danos que poidan resultar da investigación antidumping iniciada pola República Popular China, aplicando para iso as medidas recollidas no Regulamento OCMA para minimizar o impacto nun sector estratéxico en Galicia.»*

Sen máis asuntos que tratar, a señora presidenta levanta a sesión

Remata a sesión ás 12:22 horas.

V. e pr.

Montserrat Valcárcel Armesto  
Secretaria da Comisión

María Encarnación Amigo Díaz  
Presidenta da Comisión